

ADMINISTRACIÓN LOCAL
PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA
Servizo de Promoción Económica, Turismo e Emprego

Bases reguladoras do programa DP0040 de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2025

Mediante resolución da Presidencia número 41498 de 14 de outubro de 2024, aprobáronse as bases reguladoras do programa de subvencións a concellos da provincia da Coruña para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2025 cuxo texto se transcribe:

BASES REGULADORAS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA, DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDO A CONCELLOS PARA REALIZAR EVENTOS DE ARTE PÚBLICA URBANA NA MODALIDADE DE PINTURA MURAL DURANTE O ANO 2025

Datos do programa

Unidade xestora	Servizo de de Promoción Económica, Turismo e Emprego
Sección	Sección de Promoción e Desenvolvemento Turístico
Anualidade	2025
Denominación	Programa de subvencións dirixido a concellos para realizar eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural durante o ano 2025
Beneficiarios	Concellos da provincia da Coruña que realicen este tipo de eventos
Programa	DP0040/2025
Aplicación orzamentaria	0510/4321/46201
Importe da convocatoria	150.000 € Este importe poderá ser obxecto de modificación orzamentaria.
Importe do orzamento de gastos	Até 43.750 €
Importe da subvención que se vai conceder	Máximo 35.000 €
Importe solicitado	Até o 80% do orzamento de gastos subvencionable
Coefficiente de financiamento	Máximo 0,8
Gasto anticipado	Si, será de aplicación o establecido na disposición adicional das Bases Xerais.

Exposición de motivos

A Deputación da Coruña, no marco das súas competencias, destínalle importantes recursos á actividade de fomento, principalmente mediante a concesión de axudas económicas destinadas a promoción de actividades, investimentos e promoción dos eventos tractors de fluxos turísticos que atraian, visibilicen e consoliden turismo de calidade, pernoctas e fidelización. Neste eido, o desenvolvemento de eventos relacionados co desenvolvemento de programas de arte pública urbana na modalidade de pintura mural consolidan un perfil de visitante atractivo para a mellora do turismo provincial.

1.- BASES XERAIS

Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

2.- BASES ESPECÍFICAS

Base 1. Réxime xurídico

Lei 7/2011, do 27 de outubro, de turismo de Galicia e normativa de desenvolvemento.

A presente subvención está incluída no plan estratéxico provincial de subvencións da deputación aprobado en acordo plenario número 13 do 27 de setembro de 2024 e contribúe ao logro dos obxectivos incorporados no dito plan.

Base 2. Obxecto e finalidade

A Deputación da Coruña convoca esta liña de subvencións como parte da súa política de apoio ao turismo cultural a través de eventos de arte pública urbana na modalidade de pintura mural, facendo fincapé na potenciación do “street art”, traballo que realizan na rúa un conxunto de artistas que desenvolveron un modo de expresión gráfica mediante o uso de diversas técnicas, que se afasta do clásico graffiti.

Esta corrente, en marcha desde os anos 90 en grandes urbes mundiais, deu pé a visualizar un produto turístico atractivo, unha alternativa para dar a coñecer un destino desde outra óptica, alcanzando un determinado tipo de cliente ao cal aínda non puideran acceder, ou ofrecendo outra alternativa á súa xa consolidada clientela turística.

O obxectivo é potenciar todos os eventos destas características que se están a desenvolver e asentar ano tras ano en concellos da provincia da Coruña para atraer e fidelizar un turismo cultural, familiar e de alto valor económico para a provincia.

2.1 Obxecto específico

As axudas obxecto da presente convocatoria refírense ás actividades para o desenvolvemento de programas ou eventos (festivais, certames...) de arte urbana na súa modalidade de pintura mural que se desenvolvan en calquera dos concellos da provincia da Coruña durante o ano 2025 e que acheguen un mínimo de 3 obras exteriores orixinais en grande formato (mínimo 16 metros cadrados), de distintos artistas ou colectivos de artistas na edición do presente ano.

Enténdense por eventos de arte urbana na súa modalidade de pintura mural, e serán obxecto de axuda aqueles programas, certames, festivais ou calquera outro formato con identificación e marca propia e recoñecible, programación diversa que aglutine diferentes propostas artísticas, organizado periodicamente, con data de celebración consolidada e orientada á consecución de públicos amplos ao redor dunha proposta de contidos coherente e definida.

Serán obxecto de axuda os seguintes conceptos:

- Honorarios dos artistas participantes.
- Gastos en materiais e infraestruturas necesarias para a execución das obras de arte (guindastres, elevadores, estadas, arneses, rodetes, paletas, compresores, cintas de carroceiros, ou calquera outro análogo que se use neste tipo de traballos artísticos).
- Gastos de xestión (dirección, produción e comunicación).
- Edición e impresión de materiais gráficos, aplicación de TIC, gastos en publicidade e comunicación e gravación de audiovisuais.
- Gastos de desprazamento, aloxamento e manutención dos participantes.

2.2 Ámbito temporal

Actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Base 3. Solicitantes

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os concellos da provincia da Coruña que desenvolvan programas ou eventos de arte urbana na súa modalidade de pintura mural, cun mínimo de dúas edicións de antigüidade e que a última, previa ao obxecto da presente convocatoria, se celebrara con posterioridade ao ano 2021.

Base 4. Gastos subvencionables

Conta	Descrición da conta, segundo o Plan Xeral de Contabilidade
602	Outros aprovisionamentos
607	Traballos realizados por outras empresas
621	Arrendamentos e canons (arrendamentos de maquinaria, vehículos, locais ou instalacións, dereitos de autoría)
624	Transportes (gastos de desprazamento dos participantes)
627	Publicidade e propaganda

Consideracións respecto aos gastos subvencionables:

Na **conta 607** - Traballos realizados por outras empresas, inclúense:

- Traballos necesarios para o proxecto encargados a outras empresas.
- Os gastos de manutención e aloxamento necesarios para a realización da actividade.

Unicamente se admitirán xustificantes correspondentes a actividades realizadas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2025.

Os xustificantes de gasto terán que estar expedidos nos períodos sinalados.

Non obstante, naqueles casos nos que as actividades fosen realizadas no final do período da convocatoria de subvencións, poderían admitirse os xustificantes (factura ou documento equivalente) que fosen expedidos ata o día 16 do mes de xaneiro de 2026.

Base 5. Compatibilidades e exclusións

Non serán obxecto de subvención:

5.1.- Os concellos que contaran con subvención da Deputación da Coruña para o mesmo programa ou evento durante o presente ano 2025

5.2.- Os gastos que non se correspondan co obxecto específico da convocatoria.

As subvencións outorgadas nesta convocatoria son compatibles con calquera outra subvención provincial para a mesma entidade beneficiaria, e para o mesmo período, sempre e cando non sexan para financiar o mesmo obxecto.

Base 6. Forma e prazo da solicitude

A forma e prazo da solicitude regúlanse nas bases xerais.

A documentación que se ha presentar para a solicitude é a relacionada no ANEXO I destas bases.

A presentación dunha solicitude de subvención supón a aceptación destas bases reguladoras.

En ningún caso a presente convocatoria xerará dereito a favor das entidades solicitantes mentres non se dean as condicións orzamentarias, procedementais e xurídicas de aplicación.

Base 7. Compromisos e obrigas

Os/as beneficiarios/as deberán cumprir, ademais dos indicados na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias e nas Bases Xerais, os seguintes compromisos e obrigas:

7.1 - Difusión do apoio da Deputación. A comunicación, información e publicidade (impresa, informática ou audiovisual) derivada da realización destas actuacións deberá levar, en lugar visible, a imaxe corporativa da Deputación. Para estes efectos, deberán incluír o logo da Deputación da Coruña, de conformidade co seu manual de identidade corporativa. Os custes desta publicidade correrán a cargo da entidade beneficiaria da subvención.

7.2- Comunicarlle á Presidencia da Deputación da Coruña e á sección de Turismo, con carácter previo, a presentación das actividades subvencionadas e campañas de promoción relacionadas.

7.3.- O concello debe ter as licenzas, autorizacións e procedementos de aprobación preceptivos para a xestión das obras vinculadas á presente convocatoria.

7.4.- Para acadar a condición de beneficiario o evento deberá ser paritario no xénero dos artistas convidados, polo que non poderá ser inferior da porcentaxe 70-30 en ambos xéneros.

7.5.- Non se poderá presentar máis dun programa ou evento por concello.

7.6.- Os programas ou eventos deberán estar aprobados debidamente por parte do órgano correspondente.

Todas estas accións deberán axustarse á ordenación urbanística e á normativa sectorial vixente.

Base 8. Valoración das solicitudes e procedemento de concesión

8.1 Procedemento de concesión

A concesión das subvencións realizarase mediante réxime de concorrència competitiva e será aprobada por resolución da presidencia da Deputación, polo procedemento de concesión definitiva regulado nas bases xerais destas axudas.

8.2.- Valoración das solicitudes

Para a valoración das solicitudes desta convocatoria seguiranse os seguintes criterios de baremación:

Antigüidade do evento.	1 punto por edición (máximo 5)
Número de días de duración do evento	1 punto por cada día (máximo 10)
Número de artistas ou colectivos de artistas participantes	1 punto/artista ou colectivo. É obrigatorio acadar un mínimo de 3 puntos (máximo 5)
Número de artistas ou colectivos galegos/as	1 punto/artista ou colectivo (máximo 2)
Número de artistas ou colectivos internacionais	1 punto/artista ou colectivo (máximo 2)
Número de artistas ou colectivos estatais	1 punto/artista ou colectivo (máximo 2)
Actividades paralelas (palestras, concertos, talleres, visitas guiadas...)	1 punto por actividade (máximo 4)

Medios de difusión do proxecto	Páxina web do evento: 2 puntos
	Redes sociais do evento: 1 punto por rede (máximo 3 puntos)
	Publicidade e comunicación (carteis, dípticos, folletos): 1 punto
Material audiovisual	3 puntos
Aplicación de TIC ao proxecto	1 punto
Paridade no xénero dos artistas convidados/as	50%-50%: 10 puntos
	60%-40%: 5 puntos
	Menos dun 40%: 0 puntos
Nivel de cofinanciamento do evento	Entre o 21% e o 50%: 25 puntos
	Máis do 50%: 50 puntos

Para os efectos de documentar a orixe dos/as artistas participantes, terase como referencia a nacionalidade que figure no DNI ou pasaporte correspondente a cada un/ha deles.

As entidades deben acadar un mínimo de 50 puntos para obter a condición de beneficiarias desta convocatoria, no caso de que sexa necesaria a baremación.

8.3 Cambio de obxecto

Neste programa de subvencións non se admitirán cambios de obxecto.

O simple cambio dalgún dos conceptos de gasto subvencionados non se considerará cambio de obxecto, tampouco o cambio de lugar onde se faga a actividade, pero haberá que comunicarlle telematicamente á Deputación esa circunstancia antes de que se produza.

Base 9. Xustificación e pago

9.1. Prazo de xustificación.

O prazo para a xustificación das subvencións rematará o 31 de marzo de 2026 ás 14:00 horas.

9.2. Documentación xustificativa.

A documentación que se ha presentar para a xustificación é a indicada no Anexo II desta convocatoria.

9.3. Pago.

As subvencións aboaranse despois da xustificación dos gastos, que deberán axustarse aos conceptos aprobados na concesión definitiva e que figurarán en cada expediente de solicitude.

O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta sinalada pola entidade.

9.4 Perda do dereito e reintegro

Segundo o indicado nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

Base 10.- Incumplimentos e sancións

Segundo o indicado nas Bases Xerais reguladoras dos programas de subvencións da Deputación Provincial da Coruña, aprobadas por resolución do presidente da Deputación número 39048 do 1 de outubro de 2024 ([BOP número 190, mércores, 2 de outubro de 2024](#)).

ANEXOS DOCUMENTACIÓN

ANEXO I - Documentación da solicitude

Declaracións:

- Declaro coñecer a seguinte información en materia de protección de datos: Os datos persoais obtidos neste procedemento serán tratados, na súa condición de responsable, pola Deputación da Coruña coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público. Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou por obriga legal. As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación ao tratamento e portabilidade dos datos a través da sede electrónica da Deputación da Coruña (<https://sede.dacoruna.gal/>). Para máis información pode consultar a política de privacidade (<https://sede.dacoruna.gal/sxc/gl/privacidad/index.html>).
- Declaro que a entidade que represento cumpre todos os requisitos esixidos aos solicitantes na Ordenanza xeral de subvencións e transferencias da Deputación da Coruña aprobada polo pleno da Deputación, publicada no BOP nº 185 do 25 de setembro de 2024, e nas bases reguladoras da presente convocatoria, e no caso de resultar beneficiario da subvención comprométese a cumprir fielmente todas as obrigas e compromisos recollidos nas mesmas e a acreditar de forma fidedigna o seu cumprimento no caso de ser requirido pola Deputación.
- A entidade que represento comprométese a utilizar a lingua galega no desenvolvemento do proxecto subvencionado e na produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada, e a dar cumprimento á aquelas outras obrigas establecidas nas bases específicas en relación coa lingua galega.
- A entidade que represento comprométese a empregar unha linguaxe non sexista e inclusiva; tratar as imaxes con valores de igualdade, presenza equilibrada, diversidade, pluralidade de roles e identidades de xénero e a recabar datos de participación desagregados por sexo no caso de estudos, estadísticas, enquisas e formularios.

Documentación:

- Deberá achegar documento acreditativo da delegación da Alcaldía/Presidencia no que se especifique o alcance da dita delegación (presentación telemática das solicitudes de subvencións, sinatura electrónica de todos os documentos necesarios para a súa tramitación, incluíndo as certificacións).
- Certificación orixinal acreditativa do acordo de solicitude
- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Memoria explicativa da actividade que se vai realizar, que debe conter:
 - Breve descrición da actividade realizada nas edicións anteriores, para os efectos de comprobar que é subvencionable nesta convocatoria.
 - Cronograma da realización das actividades do evento durante o ano 2025.
 - Plano de localización das áreas de actuación.
 - Resumo do evento, incluíndo:
 - Fotos detalladas de cada obra.
 - Impacto das actividades relacionadas e descrición destas.
 - Número de persoas beneficiarias directa ou indirectamente.
 - Declaración de ter a acreditación da titularidade da propiedade ou dereito real que posúa sobre o ben inmovible ou, no seu caso, declaración de ter a autorización do propietario.
 - Compromiso de solicitar a licenza ou autorizacións preceptivas.
- Certificación expedida pola Secretaría do concello na que se acredite que hai un informe técnico no que constan os datos aportados na solicitude a efectos de baremación.
- Orzamento estimado de gastos das actividades para as que se solicita financiamento provincial, así como o importe da subvención solicitada que non poderá superar o 80% do orzamento de gastos subvencionable.
- Calquera outra documentación, compromisos ou manifestacións que sexa precisa para a valoración da solicitude.

ANEXO II - Documentación xustificación

Declaracións:

- Declaración de que a entidade que RENUNCIA á parte da achega provincial non xustificada (só no caso en que os xustificantes non alcancen o importe mínimo a xustificar ou no caso en que a achega concedida, xunto cos outros ingresos percibidos para o mesmo obxecto, supere aos pagos executados) e que, no seu caso, ACEPTA o reintegro da cantidade anticipada ao non alcanzar a cantidade mínima requirida para a xustificación.
- No caso en que a xustificación se presente fóra de prazo: A entidade que represento acepta a sanción que corresponde e consinte en efectuar voluntariamente o pagamento desta mediante compensación no pago da subvención, e non presentará alegacións nin recurso algún ao respecto (Esta declaración suporá unha REDUCCIÓN DO IMPORTE DA SANCIÓN DUN 90%).
- Os gastos presentados neste expediente como xustificación da subvención concedida foron debidamente reflectidos, na forma preceptiva, na contabilidade do concello, segundo o disposto no art. 14.1 da Lei Xeral de Subvencións.
- Declaración de que a entidade non ten pendente de xustificación ningunha cantidade anticipada pola Deputación na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.
- Declaración que a entidade fixo constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática, audiovisual) que se faga das actividades subvencionables.

Documentación:

- Memoria xustificativa das actividades realizadas.
- Certificación de gastos realizados expedida polo órgano responsable da contabilidade da entidade local, que deberá xerarse na plataforma SUBtel logo de ter completada na mesma a “Relación de gastos” cos datos dos xustificantes de gastos.
- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade de todos os ingresos de natureza pública ou privada obtidos para o mesmo obxecto, das subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas, con indicación do seu importe e procedencia, así como dos ingresos propios afectados á actividade subvencionada, ou, pola contra, declaración de non ter outros ingresos públicos ou privados para o mesmo obxecto.

No caso de concorrencia de subvencións públicas que estean xustificadas, poderá achegarse certificación da administración que a concedeu, na que se detallen os conceptos subvencionados e os importes xustificados e período ao que se refiren os gastos.

- Certificacións das administracións tributarias correspondentes e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que a entidade está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Poderá omitirse a presentación desta documentación sempre que autorice expresamente na Plataforma SUBTEL a consultas tributarias e non se opoña á consulta de datos da Seguridade Social.
- Acreditación da titularidade da propiedade ou dereito real que posúa sobre o ben inmovible onde se realicen as obras murais ou, no seu caso, declaración de ter a autorización do propietario.
- Acreditación do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación da Coruña en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que fixera das actividades subvencionadas.
- No caso de programas ou eventos subvencionados en anos sucesivos, presentárase declaración de que os xustificantes que se achegan son distintos dos xa presentados en exercicios anteriores.

A Coruña, 14 de outubro de 2024

O Presidente

Valentín González Formoso

O Secretario accidental

Miguel Iglesias Martínez

2024/7247